

 **WhatsApp** 698 12 72 41  *estar informado :)*

Os socialistas denuncian "o empadronamento fraudulento de medio cento de persoas no Irixo para votar nas eleccións municipais" Varias persoas aparecen empadroadas en casas que levan deshabitadas máis de 20 anos.

 **WhatsApp** 698 12 72 41  *estar informado :)*

25, Abril 2019 Cope Carballiño    



O voceiro do Grupo Municipal Socialista, Iago Fariñas Valiña, denuncia "as trampas do goberno municipal do Irixo e o seu entorno, que sabe que non é quen de manter a confianza da maioría da veciñanza e procedeu a instar o empadronamento masivo de persoas no municipio aínda sen que éstas tiveran relación algunha co mesmo", manifestan.

Recorda o portavoz socialista que o alcalde é o que firma os decretos de empadroamento e non pode ser alleo a este fenómeno, se algún empadroamento sabe que é irregular debería non aceptalo e non fomentar dende o grupo de goberno o empadroamento de persoas sen vinculación co concello.

Entre os casos máis salientables, están "os empadroamentos de traballadores da mancomunidade de concello do Carballiño que presiden o tenente de alcalde do Irixo Manuel Cerdeira, traballadores empadroados no Irixo sen ningunha relación co concello e ademais empadroados en casas propiedade de membros do goberno municipal", aseguran o portavoz e candidato socialista á alcaldía.

"Non son os únicos casos escandalosos, tamén empadroamentos de persoas en casas que levan máis de 20 anos deshabitadas ou casas incluso que, ademais de non vivir ninguén dende fai anos, están á venda. Estas persoas de novo empadroamento ademais non coñecen nin nunca estiveron nas casas onde foron empadroados nin o pobo onde están as mesmas... un fraude en toda regra fomentado e instigado polo grupo de goberno do Irixo", subliña Iago Fariñas.

Considera ademais, "especialmente sangrante e escandaloso é tamén o caso dunha persoa próxima ó goberno municipal que presuntamente empadrou no Irixo a uns inquilinos sen ningunha relación co Irixo e

RADIO EN DIRECTO

COPE CARBALLIÑO EN DIRECTO

 **ABRIR NUNHA NOVA FIESTRA**

 **ENLACE DIRECTO**

TEMPO

O Carballiño

Hoxe, 9. Maio 2019
00:00-06:00

 Parcialmente nuboso
10 °C

Mañá, 10. Maio 2019
12:00-18:00

 Parcialmente nuboso
16 °C

11. Maio 2019
12:00-18:00

 Razoable
15 °C

O tempo na Cope Carballiño datos obtidos de yr.no

CURTAS

O MONOLOGISTA MIGUEL LAGO PRESENTA O SEU ESPECTÁCULO "MIGUEL LAGO PONE ÓRDEN" NO AUDITORIO DO CARBALLIÑO, O DOMINGO DÍA 5 DA MAIO ÁS 8 DA TARDE.

que ten alugados nun piso da súa propiedade noutra provincia", afirma.

"É lamentable que un goberno municipal con maioría absoluta que lle costa á veciñanza do Irixo máis de 73 mil euros ó ano, teña que recorrer ás trampas e ó inflado do padrón municipal para intentar manter unha maioría absoluta que ve perdida polo desgoverno e abandono no que ten sumido o Irixo nos últimos 32 anos", remata manifestando o portavoz socialista.

A COMPAÑÍA EMEDOUS PRODUCCIÓNS TRAE ESTE SÁBADO AO AUDITORIO DO CARBALLIÑO A OBRA DE TEATRO "A LEITUGA", FINALISTA CON 5 NOMINACIÓNS NOS PREMIOS MARIA CASARES.

DAR TRELA PRESENTA O SEU ESPECTÁCULO TEATRAL "AI, CÓMO MEDRACHES", SÁBADO 27 DE ABRIL ÁS 20 HORAS NO ANTIGO COLEXIO DE MASIDE. ENTRADA GRATUÍTA.

"40 ANOS NON SON NADA" CONCERTO CONMEMORATIVO DOS 40 ANOS DA FUNDACIÓN DA CORAL POLIFONICA DO CASINO DO CARBALLIÑO. SÁBADO DIA 6 DE ABRIL ÁS 20:30 HORAS NO SALÓN DE ACTOS DO CASINO CULTURAL E RECREATIVO DO CARBALLIÑO.

X ANDAINA SOLIDARIA DO CONCELLO DE CENLLE, O DOMINGO 31 DE MARZO, COLABORANDO COA CRUZ ROJA E ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO. INCRIPCIÓN 5 EUROS.

APORÍA TEATRO PRESENTA NO AUDITORIO DO CARBALLIÑO "6 CUBOS NEGROS EN CORPO BRANCO", O SÁBADO DIA 9 DE MARZO ÁS 20:30 HORAS NO AUDITORIO DO CARBALLIÑO.

O MUSICAL INFANTIL "LA BELLA Y LA BESTIA" CHEGA AO AUDITORIO DO CARBALLIÑO, O VENRES DIA 15 DE FEBREIRO ÁS 6 DA TARDE. ENTRADA 12 EUROS EN VENDA ANTICIPADA E 15 EUROS EN TAQUILLA.

FESTA ROMARIA DE SANMPAIO-MASIDE OS DIAS 26 E 27 DE XANEIRO. AMENIZADA POLO GRUPO M3, A ORQUESTRA OLIMPIUS E A CHARANGA-ESPECTÁCULO ARDORES.

NADAL MUSICAL NO CONCELLO DE CEA: O DOMINGO DIA 23 DE DECEMBRO ÁS 17 HORAS NO CENTRO MULTIUSOS: PANXOLIÑAS CO CORO DE CEA E CAMERATA AURIENSE.

CONCERTO DE NADAL DA ESCOLA DE MÚSICA DE BOBORÁS, O SÁBADO 22 DE DECEMBRO ÁS 6,30 DA TARDE NA IGREXA PARROQUIAL DE XUVENCOS.



698 12 72 41



Desenrolado por coroa.es

